

eunavia

toma partido



Partido da Terra Eo-Navia
PROGRAMA 2012

*Eleccións á Xunta Xeral del
Principado de Asturias*

www.partidodatterra.net/eunavia
www.facebook.com/eunavia

> índice

> quen somos	_____	1
> presentación	_____	4
> ciudadanía	_____	7
> territorio	_____	11
> ambiente	_____	13
> agricultura e enerxía	_____	16
> economía	_____	20
> política social	_____	24
> cultura	_____	28
> linguas	_____	31



> quen somos

A candidatura del Partido da Terra Eo-Navia é unha iniciativa plural, integrada por persoas vinculadas a diferentes colectivos sociais, asociacións culturais e organizacións políticas, a maioría sen ningunha relación coel propio Partido da Terra máis aló del interese por dinamizar un relacionamento normal de persoas que comparten uha lingua común aquén e alén del río Eo. A pesar de tar centrada na defensa del Eo-Navia, a candidatura del Partido da Terra fai extensibles as súas propostas a todo el rural asturiano, coel que comparte búa parte dos problemas derivados das políticas urbanitas, centralizadoras e anti-ecolóxicas dos sucesivos gobiernos del Principado.



Esta candidatura ten uha forte componente simbólica, defendendo de forma pública, sen medo e sen complexos, a voz das persoas comprometidas coa defensa

dos intereses e da cultura propias da Terra Eo-Navia, cuestión que moitas veces é un verdadeiro tabú e que evidencia a ausencia duha normalidá política nesta comarca, como de feito tamén acontece noutras partes del Principado e, en especial, nas comarcas rurais. A pesar de non ter uha estrutura estable, confiamos en que esta candidatura se transforme nuha ferramenta útil para propoer novas ideas pra e desde el Eo-Navia.

A candidatura del Partido da Terra quere ser un reconecimento a toda a xente que ten traballado para a conservación del patrimonio material e inmaterial da comarca, independentemente da súa color política ou sentimento identitario. Somos conscientes dos graves prexucios existentes en relación á defensa da lingua del Eo-Navia e particularmente en relación aos esforzos por aproximar falantes da lingua común, sían de Asturias, de Galiza, de Portugal, del Brasil ou de cualquera outro territorio unde viva a nosa fala. Somos conscientes de que estes son problemas comúis á lingua asturiana, que ve truncados os esforzos de normalizar un ámbito lingüístico que colle non solo territorios doutras Comunidades Autónomas del Estado, mais tamén de Portugal.

Queremos acabar coa discriminación política e cos ataques mediáticos para que a multiplicidade de realizacións a través das que son sentidas e manifestadas as

identidades das persoas da comarca podan desenvolverse en libertá nun cuadro de tolerancia, comprensión e respecto.

Entendemos tamén que é muito improbable que a nosa candidatura teña apoio dabondo como para alcanzar uha presenza efetiva na Xunta Xeneral del Principado. A disolución da nosa comarca nuha circunscrición electoral que chega até as portas de Uviéu así como el feito de contar a propia circunscrición occidental a penas con seis deputados para todo el sou territorio (frente aos 34 da circunscrición central) leva el noso peso político até a práctica insignificancia. Aínda así, nel caso de obtermos representación seremos uha voz firme non solo en defensa del Eo-Navia, mas tamén de apoio al asturianismo nas súas propostas de defensa da oficialidade da lingua asturiana e dos intereses xerais del Principado de Asturias. Independentemente del resultado, el Partido da Terra comprométese a levar para adelante as súas propostas utilizando outras ferramentas políticas como as Inicativas Lexislativas Populares ou el traballo de base na comarca.

Queremos desenvolver un proxecto democratizador, destinado a transformar el actual sistema parlamentar noutro verdadeiramente participativo e deliberativo. El noso programa ten como punto de partida a necesidade das persoas e das comunidades de recuperar a súa capacidade de decisión, a súa soberanía. Por iso, defendemos el establecemento de fórmulas de participación política directa, propoendo uha transformación radical da actual lei de parroquias rurais de forma que as nosas comunidades podan dotarse duha plataforma deliberativa e decisoria real de carácter assembleario. Defendemos que as nosas parroquias teñan el maior número de competencias

posibles e, entre elas, el dereito a deciden libremente as estruturas administrativas nas que se queiran organizar e a forma destas.

Defendemos a fusión dos actuais concellos da Terra Eo-Navia nun solo Concello Comarcal, con competencias para a xestión mancomunada dos servicios públicos que as parroquias integrantes queiran delegar. El Concello Comarcal, que poderá contar con subáreas administrativas, facilitará a participación política parroquial e posibilitará a coordinación en materias como as comunicaciois, salú, educación, ambiente etc. A comarca del Eo-Navia, polas súas características, pode constituír un modelo organizativo exemplar para el Principado, debendo aínda constituírse el territorio del Concello Comarcal en circunscrición electoral para, por fin, ter voz propia nas actuais instituiois representativas.

Propoemos tamén a plena oficialidade del galego de Asturias nos actuais concellos da comarca e, eventualmente, nas parroquias constituíntes del Concello Comarcal, así como a oficialidade da lingua asturiana naquelas parroquias unde é patrimonial. A adecuación dos límites administrativos da comarca será competencia das parroquias que a integran, e poderon atender ou non a criterios lingüísticos en función da súa libre escolla.

El Partido da Terra asume e usa habitualmente el Acordo Ortográfico de 1990 al considerala a escolla mais útil e con máis posibilidades de futuro para desenvolver a potencialidade internacional da nosa fala como idioma extenso e útil. Aínda así, coexisten dentro da propia candidatura outras preferencias para a escrita da nosa lingua, entre elas a proposta da *Mesa prá Defensa del Galego de*

Asturias. Respectamos, claro tá, toda e cualquera escolla normativa.

Neste e noutros aspectos, esta pretende ser uha proposta plural e integradora, acollendo e estimulando a diversidade de pensamento, opiniois e identidades neste proxecto coletivo e aplicando esa riqueza al deseño de propostas orientadas al conxunto da Terra Eo-Navia. A nosa candidatura é transversal e democratizadora, uníndonos a vontade de defender uha lingua común, diversa en matices e denominaciois. El fin da discriminación e intolerancia lingüística é paso necesario para eliminar as barreiras que hoi por hoi nos impiden empregar el potencial da nosa lingua para nos relacionar con normalidade coel outro lado del Eo e con todo el universo lingüístico galego-português, el que representa un inmenso potencial para todo el Principado que, para alén del asturiano, ten como linguas cotidianas outros dous idiomas globais (castellano e português), falados por máis de 700 millois de persoas.

Apoiamos con determinación a cooperación política e da sociedade civil para alén das fronteiras administrativas, defendendo el reforzo e establecemento de novos programas conxuntos para el desenvolvemento local, a dotación de servicios ou a conservación del patrimonio, tais como a Reserva da Biosfera del Rio Eo, Ozcos e Terras de Burón, en evidente declive pola

diverxencia de intereses entre as administracións autonómicas para alén e aquén del Eo. Nel entanto, rexeitamos cualquera pretensión anexionista ou determinadora de identidades en función de criterios de lingua, cultura ou historia, defendendo el pleno dereito das nosas comunidades a decidiren soberanamente sobre el sou futuro en todos os campos.

El presente programa tamén quer poer de manifesto a ausencia de políticas prorais del Principado, máis preocupado pola ordenación das grandes áreas metropolitanas, da siderurxia e da minería, relegando el grave problema del abandono rural e da autentica "desertificación" populacional dos núcleos del interior da comarca, responsable xunto coel fomento da eucaliptización, dos incendios que asolan a nosa terra (el caso del Valledor é a penas un exemplo). A aposta por proxectos agresivos contra el ambiente (minería de ouro en Salave, industrias contaminantes, a Autovía del Cantábrico e el sou impacto nel gado, ...) ou el patrimonio (instalación de parques eólicos en zonas de alto valor arqueolóxico e faunístico como el Chao de Samartín en Grandas, a Serra del Carondio en Allande, a Serra da Bovia nos Ozcos ou a Xunqueira en San Tiso) é indicativo da desconexión entre as políticas públicas del Principado e un proxecto sustentable para el futuro del Eo-Navia.




> presentación

EL concepto de soberanía foi usurpado polo Estado como atributo exclusivo e absoluto, mesmo nos casos onde se alega que a soberanía reside ou emana del pobo. Mais, hoi por hoi, el propio monopolio da soberanía polo Estado virou falacia, uha vez que os entes estatais, malia ser nominalmente independentes, non son xa depositarios de soberanía alguha, diluída en organizaciois internacionais ou depositada como garante das débedas ante as grandes corporaciois transnacionais. Nesta momento, considerar que a independencia *de facto* é exercicio ou garante de soberanía carece de sentido.

Por ese motivo, nel Partido da Terra consideramos esencial a recuperación da nosa soberanía real: a nosa soberanía para decidir como cidadons, reclamando el noso dereito de deliberación directa e soberana como medio de expresión da voluntá política e xurídica; a nosa soberanía para organizar política e administrativamente el noso territorio e comunidades, tornando posible a conexión das persoas coa terra; a nosa soberanía para exercer a responsabilidade coel ambiente en que tamos inseridos, conservándolo e mellorándolo para as xeneraciois futuras; a nosa soberanía para producir os alimentos saudables que precisamos e a enerxía limpa que garante a nosa cualidade de vida; a nosa soberanía para traballar e intercambiar equi-

tativamente os frutos del noso esforzo e empeño; a nosa soberanía para cuidar dos nosos, das nosas comunidades e de nós mesmos; a nosa soberanía para sermos nós, cultivando el espírito criador que nos caracteriza como pobo; e nosa soberanía para nos expresar na lingua que nos é propia, levando as nosas palabras para todos os continentes.



Mais soberanía non é nada sen sustentabilidade, sen a busca del equilibrio necesario coas persoas, cos outros pobos e coel ambiente, garantindo un cuadro de relacións comunitarias e ecolóxicas que lle aseguren a continuidade nel tempo a través da xestión responsable e da preservación dos nosos recursos. Por iso, chamamos á participación directa das persoas na vida política, tomando conta da súa responsabilidade activa. Por iso defendemos formas de vida sustentables, xeneralizando a aplicación de propostas de deseño ecolóxico e tecnoloxías apropiadas para habitación, transporte, procesos produtivos e xestión de residuos. Por iso, adoptamos as propostas de soberanía alimentaria, produción local e agricultura sustentable lanzadas polo movemento agrario. Por iso, chamamos para uha nova economía comunitaria sustentada nel consumo ético e na autonomía del traballador que nos permita deseñar as nosas propias alternativas á crise global. Por iso, proclamamos uha ética del cuidado comunitario que fortaleza os vínculos entre individuos, familias e comunidades, xestionando e prevendo as súas necesidades de apoio e cuidado social. Por iso, optamos polas lóxicas culturais tradicionais, pola preservación e cultivo del noso patrimonio e pola reintegración lingüística nel dominio que nos é natural.

As propostas programáticas que aparecen a seguir non tán libres das contradicións inherentes a un proxecto político que, defendendo a democracia directa, pretende participar nel cuadro dun sistema onde el poder é asumido por "representantes" profesionais. Neste cuadro, onde el poder tá distribuído de forma tan desigual, a experiencia demostrou que a democracia, nel sou sentido máis estrito, se torna superficial. Por iso,

as nosas propostas van dirixidas á descentralización del poder, devolvéndolle lo ás persoas. Apelamos para uha reestructuración del concepto de política como práctica cidadá activa, con énfase nel poder local, unde a democracia directa ten el sou fundamento.

Non renunciemos, aínda así, á participación en todos os niveis da actual "política" representativa, pretendendo inxectar nas institucións un xeito case anti-político (en relación al que hoi se entende por "fer política") de xestionar a gobernanza, servicio público e toma de decisións. Quere-mos propoer uha auténtica mudanza de paradigma que reivindique a esencia da democracia, nel sou único sentido literal e lexítimo: el da democracia directa.

Aínda así, non é a nosa intención eliminar as institucións parlamentares existentes (parlamentos e cámaras municipais), mais si convertelas en instrumentos de xestión confederativo unde os delegados das asembleas soberanas podam tomar decisións nel cuadro del mandato imperativo e revogable, esto é, unde a cidadanía poda asumir a responsabilidade plena pola xestión dos sous problemas, elaborando solucións de forma colectiva.

Consideramos que, coel Partido da Terra, podemos influír nas institucións de hoi, favorecendo el establecemento e a transición para as institucións de mañá, pero non tentamos controlar uhas ou outras, mesmo porque na nosa óptica, os partidos, tal e como son entendidos hoi, non son innecesarios, pero si contraproducentes. A principal forma de influencia que pretendemos exercer desde el Partido da Terra non é el control, senón a difusión de ideas e prácticas a través del exemplo. Non sendo el noso obxectivo a toma del poder (nin dos beneficios e privilexios que hoi este atribúe aos que el

tein) senón a mobilización e liberación das enerxías e potenciais criativos das nosas comunidades, dos nosos membros, da nosa sociedade, as propostas que aquí se presentan tán elaboradas para todos e todas. A casa del Partido da Terra son as nosas comunidades.

Este programa nin é, nin pode, nin pretende ser exhaustivo. Aínda que nos preocupemos por todo, nel PT non reclamamos a primacía da nosa opinión sobre ningua cuestión ou grupo de interese particular. Ningún aspecto da vida tá para aló das nosas preocupacións, pero nin pretendemos definir todo como político nin pretendemos que sobre todos os aspectos exista consenso, quer nel partido, quer na sociedade. Non concebimos cualquera progresión linear para a homoxeneidade ou heteroxeneidade, pero pretendemos asumir e defender os elementos de comunalidade e diversidade que mellor contribúan para a realización das nosas propostas.

A lectura atenta deste programa evidenciará a presenza de tres tendencias internas complementarias dentro del Partido da Terra: uha tendencia conservadora que procura criar as condicións futuras que perpetúen e revitalicen os valores e

prácticas tradicionais da nosa sociedade, que favorezan os principios transformadores que aquí avanzamos; uha tendencia innovadora que estimula a adopción de novas prácticas e valores; e uha tendencia integradora que diseña alternativas futuras que reconcilien as diferencias entre as outras dúas. Todas as persoas que femos parte del Partido da Terra tentamos contribuír para todas estas tendencias, decidindo en función dos problemas concretos.

El programa que aquí se presenta é necesariamente un texto incompleto e de (re)creación colectiva, que pretende ser enriquecido coa crítica, contributos e propostas da sociedade civil, entidades e individuos, máis aló del Partido da Terra. Pretendemos que a súa presentación pública sía un proceso dinámico e bidireccional, recollendo e sumando múltiples perspectivas. Aínda, como texto non exhaustivo, el programa será complementado con documentos políticos específicos onde pretendemos ampliar e detallar moitas das propostas que aquí se enumeran brevemente, así como outras igualmente importantes que quedan fóra das dimensións deste programa. Confiamos na colaboración de todas e todos.



EL actual sistema de xestión del poder, chamado habitualmente “democracia”, al ser propiamente uha forma de parlamentarismo representativo, al inserirse nuha sociedade que trata el ciudadano como consumidor mediatizado desembocou nuha infantilización dos suxeitos, afastados del control sobre cualquera decisión transcendental, e limitada a súa participación pública al depósito duha papeleta de voto cada certo tempo. A dependencia del traballo asalariado, el consumo voraz e el endebedamento leváronnos a que cada vez máis teñamos menos tempo para a vida comunitaria e familiar, tendo relegado toda responsabilidade política nuha casta profesional de xestores del poder e nun colosal “Estado del ben-estar”. En segundo lugar, el sistema caracterízase pola existencia de grupos de presión que acaban por determinar a decisión desa casta de “representantes del pobo”, asumindo ilexítimamente a soberanía que lles corresponde ás persoas.

A clase política “representativa” é periodicamente electa por uns anos e non tá vinculada aos sous electores por mandato imperativo. Esto é, uha vez electos, non precisan responder ante os sous electores nin votar consecuentemente coas súas “promesas”. Así, poden poer en andamento medidas alleas ou contrarias á vontade da sociedade, pero que lles son reclamadas, como contraprestación, polos

grupos de presión, ligados al mundo empresarial e al aparato estatal. A circulación desta clase entre cargos públicos electos ou designados, as posicións de responsabilidadá en grandes empresas e vagas permanentes como altos funcionarios del Estado esvaeecen cualquera liña de separación entre estas esferas. A transferencia de grandes cantidades de diñeiro para custear campañas electorais ou as habituais regalías personais (cargos en consellos de empresas, acciois, bens, etc.) garanten concesiois ou regulamentaciois favorables, así como el control directo ou indirecto de recursos públicos (impuestos).

Esta clase xestora del poder e da burocracia estatal, lonxe de estar vinculada aos intereses das persoas que a elixen nominalmente mediante el exercicio electoral, responde ás estruturas de control dos sous partidos, aos intereses dos lobistas que a “asesoran”, ás presións dos que controlan os medios de comunicación social podendo tornar inviable a súa reelección, das chantaxes dos que están instalados ou fan uso permanentemente dalgún sector ou aparato de poder del Estado; ou das contraprestaciois requeridas polos que fan contribuciois notorias al sou partido (ou patrimonio particular).


Nel escenario infantilizador en que se representa el teatro actual da democracia representativa, as persoas ficamos despoixadas del estatuto xurídico cida-

dao. Deixamos de ser suxeitos activos da política para pasarmos a ser solo consumidores, ou suxeitos pasivos de políticas. Así, a refundación duha democracia directa a partir del parlamentarismo representativo implica el retorno gradual del poder ás maos das persoas, introducindo, e dotando de contenido, sustentabilidade e eficiencia, ás fórmulas de participación directa existentes como asembleas cidadás, referendos, mecanismos para a revogación de mandato ou iniciativa popular, orzamentos participativos, etc. Todas elas constitúen vías para uha efectiva devolución da soberanía política ás persoas que, libres de representantes fóra del sou control, debemos ser as súas únicas lexítimas posuidoras.

Nel Partido da Terra consideramos de vital importancia este punto na medida en que delimita cualquera posibilidade de intervención real das persoas na vida política, a penas posible coa existencia duha soberanía cidadá real. Con uha artificial participación política produto del actual sistema de xestión del poder, cualquera debate sobre os diversos puntos e propostas tornase falacia xa na orixe, pois alguha ou búa parte das posturas serán impracticables, non por ilexítimas, pero por indesexables para un ou varios grupos de poder dominantes.

Para el Partido da Terra, a esencia da vida política dos cidadaos debe ser a participación directa e activa, sen mediación de cualquera representante, en asembleas populares dotadas de soberanía, eficiencia, e por tanto, de sustentabilidade. Na nosa Terra, el ámbito natural para a xestión da vida política é el das comunidades, parroquias rurais e barrios urbanos. Seguindo a nosa tradición política, e levando en consideración tanto as particulares circunstancias deste tempo

como as experiencias de democracia participativa presentes noutros lugares como Suíza, propoemos uha reformulación da vida política.



Nesta proposta as Asembleas Parroquiais serán responsables pola supervisión del desempeño dun Concello Comarcal con responsabilidade sobre a xestión técnica de servicios mancomunados da comarca. Esta supervisión tomará a forma de delegados designados polas asembleas e suxeitos a mandato imperativo e revogable, debendo responder aos designios da asemblea (non os de cualquera outro partido ou organización) e explicaren ante ela a súa actuación. De forma similar, as estruturas parlamentarias de nivel superior deben operar como Consello Confederativo, respondendo os delegados co-

marcais ante as propias asembleas parroquiais, sendo el sou mandato rotatorio, imperativo e revogable.

Conscientes das dificultades da implementación deste sistema partindo del cuadro xurídico actual, as propostas aquí formuladas pretenden iniciar uha transición del parlamentarismo representativo para a democracia directa, sendo a penas solucións parciais orientadas para a recuperación da soberanía cidadá.

Así, el Partido da Terra propoe:

- Desprofesionalizar a vida política: eliminación de honorarios por participación en plenarios, eliminación de dedicacións exclusivas ou salarios de cualquera natureza a cargos electos municipais, eliminación de salarios, honorarios ou regalías a deputados, adaptación de horarios de asembleas parroquiais, plenarios municipais, ou sesións parlamentarias para a súa compatibilidade con desempeño laboral (colocación en fins de semana e festivos), apoio para cuidado de nenos e persoas dependentes así como para desprazamentos xustificados nel caso de plenarios comarcais e sesións parlamentarias;
- Eliminar toda inmunidade ou privilexios dos políticos electos ante procesos xudiciais, reformando aínda el Código Penal para dar maior peso al agravante en delitos cometidos desde a administración (por políticos, funcionarios e administradores en xeral);
- Formulación duha nova Lei de Parroquias e duha nova Lei de Administración Local con base nel sistema de democracia directa, aplicándose de forma inmediata nel ámbito das parroquias rurais e barrios urbanos;
- Independentemente del anterior, en cada ámbito local en que el Partido da Terra obteña capacidade de actuación política propoeremos a aprobación de ordenanzas de participación cidadá que permitan a concretización de asembleas cidadás nel nivel parroquial, de aldea e de barrio, con competencia, especialmente para a elaboración de presupostos, de modo que sían as persoas en asemblea os que decidan el volume de gasto e impostos, así como a súa distribución;
- Maguer non obteña a capacidade política abonda nel ámbito municipal e autonómico para dotar estas asembleas de poder legal, el Partido da Terra promoverá el establecimiento de asembleas parroquiais e de barrio non xurídicas que incentiven a autoxestión comunitaria;
- Introducción de mecanismos de mandato imperativo que garantan a execución das decisións en asemblea, introduciendo aínda medidas para posibilitar a revogación popular del mandato nos ámbitos en que non sía posible xuridicamente el exercicio directo da soberanía cidadá;
- Como alternativa transitoria para el exercicio pleno da soberanía, xeneralización del instrumento de referendo en todos os niveis decisorios, facéndolo obrigatorio a pedido de 0,5% del censo electoral correspondente;
- Facilitación del procedemento de iniciativa lexislativa popular á proposta da mesma porcentaxe para revogar, enmendar ou propoer leis de cualquera tipo, introduciendo ademais a revogación popular de mandato;

- Exercicio voluntario e non remunerado de responsabilidades políticas nel ámbito parroquial e limitación da remuneración de cargos públicos nos concellos comarcais e institucións confederais;
- Obrigatoriedade de transparencia absoluta sobre gastos, ingresos e actuacións, ben como da documentación xenerada por todos os entes públicos de modo que, mediante a rede, poda existir un control eficaz e uha participación na vida pública por parte de todas as persoas;
- Revisión del estatuto xurídico da función pública, facilitando a súa racionalización con base en criterios de utilidade e a eventual transición para modelos de xestión comunitaria;
- Eliminación de cargos nomeados desde a política ou de libre designación, establecendo mecanismos para uha administración comarcal de carácter técnico e popular;
- Promover a desburocratización e simplificación administrativa xeneralizada, criando facilidades reais para a implementación de procedementos electrónicos;
- Promoción da transferencia de competencias e poder decisorio dos diferentes ámbitos para aqueles máis próximos das persoas onde podam ser xestionados por democracia directa;
- Derrogación de cualquera disposición limitadora da pluralidade política na composición das institucións políticas existentes, tais como porcentaxes mínimas para resultar electo ou exixencia de avais para concorrer ás eleccións, suprimindo ademais todo subsidio público aos partidos políticos e súas organizacións afíns, fixando aínda límites legais al gasto ligado a campañas electorais.




> territorio

Tradicionalmente a organización social da nosas terra fundaméntase na articulación de conxuntos de unidades familiares en pequenas comunidades interdependentes: aldeas agrupadas en parroquias. Estas parroquias, esencialmente autónomas desde el punto de vista económico e político até a chegada del “Estado liberal”, integran redes de intercambio mais extensas, encuadradas nun espacio xeográfico e histórico denominado *comarca*. A imposición del modelo administrativo “liberal” nel século XIX introduciu formas de división territorial alleas e arbitrarias: el municipio e a provincia, criados coel obxectivo exclusivo de fer efectivos os impostos e o control político estatais. Esto traduciu-se na substitución dos concellos parroquiais abertos, xestionados por democracia directa, por administradores de designación estatal que monopolizaban as funciois executiva, lexislativa e xudicial. Estes mecanismos non solo debilitaron os lazos de interdependencia e solidariedade comunitaria, senón que tamén privatizaron os bens comunais, servindo de alicerce para el inicio da dependencia das persoas respecto del Estado para a satisfacción de necesidades e servicios.

Para a efectivación da soberanía cidadá é imprescindible recuperarmos a nosa soberanía territorial a través duha organización territorial racional e ecolóxica

baseada en parroquias (e barrios nos núcleos urbanos) articulada nun único Concello Comarcal, á súa vez, constitutivo duha estrutura confederativa que garantiza os dereitos das nosas comunidades, incluídos os lingüísticos. Esta estrutura pode ser igualmente aplicable a todo el Principado.



El exercicio non limitado da democracia directa debe facilitar un diálogo social aberto para reconsiderar a articulación da nosa terra. De forma idéntica, a participación da nosa terra nas estruturas autonómicas, estatais e supra-estatais das que actualmente forma parte tamén debe ser obxecto de mellora e diálogo, procurando ademais un papel activo que dinamice a nosa participación efectiva.

Seguindo esta lóxica, nel Partido da Terra traballaremos para valorizar a estrutura administrativa territorial adecuándola á realidade xeográfica, económica, ecolóxica e histórica posibilitando el exercicio duha xestión democrática, eficaz e transparente. Para esto, contémpnanse as seguintes medidas:

- Impulsar a parroquia como institución fundamental de participación política, desenvolvendo a súa soberanía e sustentabilidade económica e ecolóxica;
- Tendo como obxectivo último a consecución da súa soberanía integral, desde el Partido da Terra promoveremos ordenanzas para el establecemento de asembleas parroquiais como vías para materializar el poder de decisión;
- Establecemento dun Concello Comarcal para el Eo-Navia fusionando os actuais municipios até corresponderen cos límites históricos da comarca e adaptándolos posteriormente segundo libre vontade das parroquias que os conforman;
- Determinación das parroquias como unidades conformadoras del Concello Comarcal, debendo conservar el sou poder de decisión, fundamentándose a natureza da soberanía territorial na articulación confederativa de parroquias e comarcas;
- Elaboración polo conxunto da población duha Lei Comarcal del Eo-Navia que determine as súas competencias, en particular as de xestión técnica de servicios mancomunados e facilitación administrativa del desenvolvemento da soberanía e participación política parroquial en asuntos de ámbito superior al da propia parroquia;
- Recoñecemento pleno del réxime de propiedade comunitario ou vecinal de tipo xermánico, como forma de propiedade imprescritible, inalienable, indivisible, inembargable e inequívocamente diferenciada da titularidade pública ou privada;
- Facilitar a recuperación e incorporación de vellos e novos terrenos e bens comunais al patrimonio en mao común das asembleas parroquiais, criando as condicións para que podan asumir e maximizar a xestión comunitaria de recursos ou emprendementos, podendo crear empresas comunitarias e aplicar fórmulas de traballo cooperativo.




EL medio natural e el sou equilibrio constitúen el soporte físico necesario á existencia e supervivencia de todas as especies animais, vexetais e el propio ser humano. El actual sistema económico e produtivo, baseado e centrado para a simple contabilidade cuantitativa da produtividade, sen reparar nin na cualidade nin nas chamadas “externalidades” negativas xeradas polo sistema, xuntamente cun consumo de recursos exponencial nun mundo finito, tá a levar os sistemas ecolóxicos al colapso e á destrución, coa perda de biodiversidade ambiental e xenética asociada, e á degradación das condicións de vida das populacións humanas asentadas nesas áreas.

A este proceso acelerado de forma vertixinosa a partir da chamada “revolución industrial”, hai que lle acrecentar el uso da técnica, de efectos inmediatos, e dirixida solo a solucionar un problema específico, normalmente de exclusivo interese económico para as empresas, sen cualquera visión holística e global dos elementos e relacións implicadas na cadea alimentaria e nos sistemas naturais, que é tremendamente errado e pode ter consecuencias imprevisibles tanto para el medio, como para as persoas.

É imprescindible enumerar tamén aquí as problemáticas específicas del noso ambiente mais inmediato: polución, destrución e grave alteración das rías, costas e cursos

fluviais pola instalación indiscriminada de industrias, portos, refinerías, papeleiras, centrais eléctricas, destrución del ambiente natural e paisaxístico por extraccións mineiras descontroladas, *eucaliptización* para obter pasta de celulosa, urbanismo descontrolado, etc. Atención especial merece el sector da construcción, responsable en gran medida del uso e estrago de recursos naturais e enerxéticos.



El chao, a cobertura vexetal e os sistemas ecolóxicos que se desenvolven en riba del deben ser observados como un recurso natural non renovable e, por tanto, a súa utilización debe poder manter sempre a máxima diversidade biolóxica e debe afastar e confinar os usos mais incompatibles con ela aos espazos de menor interese ecolóxico e con menor impacto ambiental e paisaxístico.

A responsabilidade por esta degradación ecolóxica é frecuentemente atribuída ás grandes empresas, encando a solución acostuma confiarse aos complexos mecanismos administrativos del Estado. Porén, esta visión esconde a responsabilidade del Estado na promoción duha actividade industrial salvaxe, desde a especulación inmobiliaria nas pequenas vilas até á instalación de grandes complexos industriais, que transformaron radicalmente a nosa xeografía destruindo el equilibrio ambiental. Atrás da promoción del crecemento industrial e urbanístico está a necesidade de obterer máis e máis impostos cos cuais manter non solo a estrutura de servicios da administración, como sobretudo, el poder dos sous representantes e el aparato estatal en si mesmo. Por tanto, é absurdo confiarnos nel Estado, responsable último pola situación ambiental actual, el papel de solucionador. Somos as persoas, a través duha mudanza de hábitos e, sobretudo, de valores, as únicas que temos na nosa mao mellorar el noso ambiente. Substituímos uha economía consumista por uha economía sustentable dirixida para a satisfacción ordenada das nosas necesidades tá nas nosas maos. Será esta uha tarefa a realizar non solo sen delegarmos a responsabilidade nas administracións públicas, mais principalmente contra a vontade de dominio que nace destas.

Aclarado el papel protagonista que nos corresponde como persoas, determinadas medidas e regulamentos adoptados polas institucións poden servir de catalizadores e apagar as limitacións de formas de vida sustentables. Neste sentido, nel plano da soberanía ambiental, el Partido da Terra comprometése a:

- Fer del Eo-Navia uha comunidade libre de organismos xeneticamente modificados, mediante normas autonómicas, municipais e parroquiais;
- Eliminar cualquera barreira á produción, transformación e consumo tradicional, ecolóxico e sustentable dos recursos naturais, enerxéticos, alimentarios, etc., fomentando os sistemas locais descentralizados e en ciclos pechados autosustentables;
- Establecer a responsabilidade dos produtores, transformadores, distribuidores, comercializadores e consumidores sobre os residuos xerados en cualquera punto da cadea de produción e consumo;
- Incentivación ás comunidades locais para a protección e manutención del chao, da súa máxima diversidade e dos sous usos tradicionais compatibles e a adxudicación á comunidade, mediante os mecanismos xurídicos e legais adecuados, de todos os lucros e plusvalías asociados aos procesos urbanísticos, coel obxectivo de evitar procesos especulativos e destrutores del territorio;
- Eliminación de subsidios directos ou encobertos a lóxicas de construción non tradicionais, coel obxectivo de conseguir áreas residenciais, asistenciais, deportivas, de servicios, de actividades e produtivas da máxima cualidade e rendimento enerxético coa mínima pegada ecolóxica, pai-

saxística e ambiental nel territorio e nel planeta;

- Fomentar e apoiar os sistemas de mobilidade de maior sustentabilidade e menor impacto;
- Establecemento e apoio aos bancos de sementes e diversidade biolóxica, para a conservación e potenciación das variedades ecolóxicas, agrícolas tradicionais propias e adaptadas al medio de cada zona;
- Eliminación de políticas intervencionistas e subsidiadoras de reforestación con variedades non autóctonas;
- Eliminación das políticas públicas intervencionistas agrarias e pesqueiras, centradas nel subsidio, control e industrialización insustentable destes sectores, posibilitando a recuperación del autogoberno das persoas e comunidades que participan desas actividades;
- Garantir as medidas de recuperación e protección de espacios de alto interese natural, biolóxico, económico ou paisaxístico;
- Prohibición das exploracións mineiras a ceo aberto ou contaminantes;
- Prohibición da incineración de residuos, promovéndose a produción e distribución a granel, a redución na orixe, a reutilización, a recollida se-

lectiva, a reciclaxe e alternativas mecánicas e biolóxicas para el procesamiento de residuos, como a compostaxe ou a dixestión anaeróbica;

- Eliminar barreiras á produción, en particular de autoconsumo, de produtores agropecuarios, de materias, produtos e servicios autóctonos, nomeadamente aqueles con procesos produtivos respectuosos coel medio e, con especial incidencia, en cualquiera caso, na consecución de ciclos produtivos, transformativos e económicos sustentables;
- Declaración del Eo-Navia como zona libre de enerxía, residuos e armas nucleares;
- Prohibición de espectáculo que implique sufrimento animal;
- Conversión dos actuais albergues municipais de animais e cooperativas comunitarias, buscando a súa sustentabilidade económica coa inclusión de servicios veterinarios para el público xeral;
- Abolición gradual da experimentación en animais, apostando na súa substitución por métodos alternativos e prohibición inmediata cuando haxa métodos alternativos científicamente válidos, así como nel caso de tests para produtos non ligados directamente á medicina.



A crise económica actual é esencialmente unha manifestación colateral dun modelo socio-económico e cultural centrado na lóxica del crecemento infinito sustentada á súa vez nel consumo voraz de recursos, esencialmente fósiles. El previsible declive da produción de petróleo fai que a transición para un modelo enerxético e de produción de alimentos apoiado en enerxías renovables producidas localmente sía un imperativo político de primeira orde. Nel Partido da Terra colocamos a énfase na soberanía e autosuficiencia alimentaria e enerxética, realizando un compromiso claro pola sustentabilidade a través de prácticas ecolóxicas e tecnoloxías alternativas.


Nel Partido da Terra apoiaremos el estímulo da localización da produción, xestión e consumo de enerxía e produtos alimentarios básicos, minimizando transporte, intermediarios e xeración de residuos en todos os ciclos produtivos, transformativos e de consumo. Propoese así a parroquia e comarca como células de auto-sustentabilidade alimentaria e enerxética non solo viable senón tamén rendible.

A inmensa maioría dos produtos alimentarios básicos presentes na rede de consumo proceden de exploracións agroindustriais e de transformación situadas a centenas ou millares de quilómetros del consumidor final. Non solo el transporte, tamén a produción implica un elevadísimo

consumo de recursos fósiles, incluíndo os combustibles de sistemas mecánicos, fertilizantes, pesticidas químicos, etc. Este sistema atenta contra as propias posibilidades de recuperación da produtividade del noso mundo rural e da viabilidade social e económica das comunidades nel asentados, e produce nel produto final sobrecostos, que nun sistema industrial competitivo e consumista, van en detrimento da cualidade final impondo el sou empobrecemento e prácticas demenciais como a obsolescencia programada.

Atención especial merecen os problemas derivados da enxeñaría xenética e da privatización del patrimonio biolóxico. Tradicionalmente, criadores de gado e agricultores foron seleccionando a través dos séculos variedades de plantas e animais que se adaptaban mellor ás circunstancias particulares de cada zona, nun proceso de interacción continuo, constante e regulador cas condicións del medio. Porém, a tecnoloxía de modificación xenética, de efectos inmediatos, pero non necesariamente negativa *per se*, ten recibido un uso perverso por parte de diversas corporacións químicas, farmacéuticas, agropecuarias e alimentarias multinacionais coel obxectivo de conseguiren, mediante modificación xenética, variedades vexetais ou animais de rendemento acrecentado ou resistentes a determinadas dolencias ou pragas, cuan-

to tamén el monopolio del sistema de producción alimentaria, tendo chegado a ameazar e arruinar mediante ensarillos legais a produtores locais concorrentes ou remisos a aceptar as novas condicións impostas por esas compañías, como patentar códigos xenéticos de seres vivos e exixir un pagamento pola súa aparición indesexada en campos confinantes contaminados cas novas variedades.



A reocupación del ámbito rural non debe ser atrancada ou inviabilizada polo modelo produtivo deseñado polas institucións e grandes corporacións, mais sim apoiada, apostando na expansión racional da produción agropecuaria e na maximización das posibilidades de culturas agrícolas e de aproveitamento dos recursos marinos a través da reordenación del espacio, ac-

tualizando as lóxicas e estratexias de exploración tradicionais para el cultivo e el aproveitamento forestal, garantindo así uha maior sustentabilidade alimentaria e enerxética. El fluxo populacional para el rural a partir das grandes concentracións urbanas debe vir acompañado dun proceso de rehumanización e diversificación produtiva das cidades.

Nel plano da soberanía alimentaria, nel Partido da Terra comprometémonos a:

- Afastar os obstáculos para a dignificación e posibilidades de traballo nel sector primario, facilitando mecanismos de xestión cooperativa que promovan uha mellor cualidade de vida e a fixación de poboación rural dedicada á produción agropecuaria;
- Eliminación de atrancos e impedimentos á xestión propia, pública e non estatal dos servizos que as comunidades precisen, especialmente augua, luz, rede de sumidoiros e comunicacións, conforme as lóxicas tradicionais de colaboración comunitaria;
- Recoñecemento del valor multifuncional (social, produtivo e ambiental) dos montes vecinais, incluíndo a totalidade dos aproveitamentos potenciais da súa superficie e subsolo, como garante da sustentabilidade ecolóxica e humana del rural mediante lóxicas de exploración comunitarias;
- Derrogación da lexislación intervencionista estatal nas comunidades de montes vecinais en mao común, garantindo el seu carácter e autoxestión plena;
- Eliminar os atrancos xurídicos e leis de monopolio que impiden ás comunidades de dotarse de acceso

- comunitario universal á Internet, especialmente nel rural (utilizando tecnoloxías WiFi e WiMAX), así como de abastecemento eléctrico mediante medios de produción propia;
- Supresión de todo imposto confiscador (imposto sobre bens inmoables, imposto sobre construcións, instalacións e obras, imposto sobre vehículos, imposto sobre terrenos, etc.) nas zonas rurais;
 - Transformar a filosofía dos actuais centros de capacitación agraria coa intención de ofrecer asesoramento técnico a novos e vellos produtores para a produción e distribución local;
 - Eliminar os atrancos á produción tradicional sazonal a nivel local fomentando a constitución de mercados libres para a venda directa, así como redes e cooperativas de produción, distribución e consumo.
 - Eliminación dos obstáculos para el arrendamento e venda de terras e introdución de mecanismos para a re-mancomunalización de terrenos improdutivos ou vivendas en estado de ruína;
 - Eliminar os atrancos para a implantación de hortas urbanas comunitarias e programas para poer en uso terrenos potencialmente produtivos nas áreas periurbanas, utilizando zonas verdes e leiras en desuso como espacios para a iniciación al cultivo hortícola;
 - Utilizar instrumentos públicos existentes (escolas, medios de comunicación social, etc.) para formar e sensibilizar na produción e conservación alimentaria, difundindo técnicas convencionais, tradicionais ou alternativas como a permacultura e a horticultura ecolóxica;
 - Prohibir a utilización ou importación de cultivos transxénicos como medida para a conservación da soberanía alimentaria e da biodiversidade, redactando uha lexislación clara sobre as condicións, límites, uso e aplicacións da chamada enxeñería xenética;
 - Prohibición a todos os efectos das patentes de códigos e secuencias xenéticas e declaración deles como patrimonio común.
- Nel plano da soberanía enerxética, el Partido da Terra comprométese a:
- Eliminar os atrancos para el establecimiento de cooperativas enerxéticas parroquiais e comarcais, sustentadas na propia produción eléctrica das unidades domésticas e pequenas exploracións. Eliminar cualquera traba que impida vender á rede de distribución el exceso de produción local de enerxías renovables;
 - Derrogar el cuadro xurídico actual establecendo que os medios de produción, a xestión e a enerxía producida nel ámbito das comunidades rurais, especialmente a través de saltos hidráulicos, mini-centrais ou parques eólicos, pasen a pertencer as comunidades asentadas nel territorio en que se produce, facilitando a creación de empresas cooperativas comunitarias xestionadas por asembleas parroquiais e concellos comarcais;
 - Eliminar as barreiras legais para posibilitar el autoabastecemento del abastecemento eléctrico nas zonas rurais mediante medios de produción propia;
 - Eliminación dos atrancos para a implementación de sistemas económicos domésticos de climatización pa-

siva, enerxía térmica solar e enerxía xeotérmica;

- Eliminación das dificultades para a consolidación da reciclaxe nua actividade económica relevante e de xeración de riqueza a nivel comunitario;
- Destinar os recursos públicos en materia de infraestruturas de transporte a aqueles de carácter colectivo e de preferencia movidos por enerxía eléctrica: tren de proximidade, autobuses e vehículos de uso compartido;
- Incentivar modelos de relacións e comunicación laborais e profesionais que impliquen uha redución de desprazamentos desnecesarios: tele-traballo, vídeo-conferencias, traballo autónomo e cooperativo, etc.;
- Eliminar privilexios normativos e subsidios económicos públicos á produción enerxética non sustentable ou baseada en recursos fósiles;
- Prohibir a implantación da produción nuclear enerxética ou actividades asociadas al tratamento ou transporte de residuos nucleares, promo-

vendo ainda a eliminación de subsidios, incentivos e privilexios de mercado fomentando el sou paulatino abandono a nivel global;

- Eliminación de obstáculos á relocalización das actividades sociais e económicas, procurando a redución del consumo para el desprazamento individual (promovendo el traballo local e el traballo a distancia) e de mercadorias (promovendo el consumo e produción local);
- Promover a maximización dos fluxos de enerxía solar adoptando el Horario Europeo Occidental (UTC+0) e redefiniendo os horarios de traballo, ensino e transportes públicos procurando a máxima eficiencia nos sistemas de mobilidade colectiva e nel aproveitamento da luz natural;
- Renegociación dos acordos legais e de competencias para a xestión de recursos enerxéticos, con atención especial para a exploración da plataforma continental marítima e na xestión de competencias relativas á Zona Económica Exclusiva.



> economía

Soberanía económica sustentable significa liberdade, mais liberdade como exercicio da responsabilidade ante un mesmo, ante os sous e ante a comunidade. A xénese del dereito encóntrase nel deber de ser fiel a esa responsabilidade, enfrentando todos os aspectos da nosa existencia sen acreditar que son outros os que a tein de asumir por nós. As presiois que el sistema económico actual xera sobre as persoas son instrumentais para lles tirar cualquera capacidade de articulación política, social ou comunitaria, estando afogadas por xornadas laborais, endebedamento e impostos en aumento.

É neste cuadro onde pode definirse a situación da economía actual como a maior transferencia de poder e riqueza, entendidos nel sou mais amplo significado, del individuo, da familia e da comunidade en dirección a incorpóreas, espúrias e pouco visibles megacorporacións de tipo financeiro de ámbito global. El Estado ten funcionado como simple intermediario neste proceso. Esto produciuse en dous pasos fundamentais. Por un lado deuse uha progresiva cesión de dereitos individuais e comunitarios, esto é, responsabilidades, al Estado e, por outro, a seguir, a desaparición del Estado como suposta encarnación política del pobo, uha vez que este depende apenas dos sous credores, a quen debe salvar para manter en funcionamento a

sociedade produtivista que xera os impostos que el salvaguardan.



Nel nivel máis amplo, a penas a acción coordinada de individuos, comunidades e pobos pode quebrar el actual *status quo* de gobernanza global baxo control corporativo-financeiro. Mas nel noso plano particular, e como vía para a arti-

culación de solucións para el ámbito global, desde el PT defendemos uha série de consideracións previas:

- A soberanía económica non é posible sen el pleno exercicio da soberanía cidadá, da soberanía alimentaria e da soberanía enerxética, condicións necesarias, mais non abundas para a existencia de persoas e comunidades soberanas e sustentables;
- El concepto de diñeiro debe ser redefinido como medio de facilitar el exercicio del mercado libre, non como fin en si mesmo;
- El mercado libre ou comercio natural caracterízase por dúas premisas: liberdade absoluta dos axentes para chegaren a acordos mútuos nel intercambio equitativo de bens e servicios e libre disponibilidad del medio a usar nesa transferencia;
- El mercado libre non é tal cuando existe un monopolio estatal ou doutra índole que obrigue al uso de cualquera método ou fórmula de pagamento obrigatoria, incluída a moeda fiduciaria;
- Os impostos sobre as transferencias son confiscatorios, debendo limitarse el financiamento público a penas a un tipo único anual sobre a riqueza xerada pelos axentes económicos;
- El concepto de crédito, neste cuadro, altera radicalmente a disfunción actual xerada pola especulación sobre a moeda baseada en xuros. El crédito debe converterse en investimento que a penas xere rendimento cuando se dá bon fin á mesma, quer dicir, se cría riqueza real;
- A primacía del productivismo como valor hexemónico social acarrea consecuencias negativas para el ambiente, as familias e el individuo.

El productivismo en que se vive para traballar en vez de se traballar para vivir, perseguido como fórmula de maximización de impostos e acumulación de capital e poder, debe ser substituído por valores sociais tradicionais como a liberdade, a solidariedade e el apoio mútuo;

- A economía non pode dominar a política e esta debe deixar de ser un instrumento da anterior para planificar e xestionar a vida das persoas.

En consecuencia, nel Partido da Terra comprometémonos a traballar para:

- A limitación da necesidade del Estado á súa expresión mínima, como garante del exercicio das responsabilidades individuais e colectivas dentro da comunidade;
- A promoción duha economía local escalable facilitando el relacionamiento das comunidades por medio de liñas de transporte eficaces;
- A promoción de cooperativas e corporacións de oficio como elementos primordiais de socialización empresarial de modo a transformar el traballador asalariado en dono soberano del sou traballo;
- El fomento das cooperativas de aforro e investimento locais e profesionais, colocando a riqueza real al servicio de novas iniciativas que procuran dar novas saídas ás corporacións de oficio e al empeño dos novos emprendedores dentro da comunidade e del grupo profesional;
- A eliminación progresiva de todo imposto confiscatorio, a ser substituído por uha tributación anual sobre a riqueza xerada, e uha estrutura de crecemento económico que minimize a necesidade de ingresos por

- débeda pública e a hipertrofia xeneralizada del Estado;
- A colaboración cos distintos axentes locais e corporacións de oficio para lles explicar a rendibilidade da súa efetiva inserción nel espazo económico que nos é propio por tradición, cultura e lingua, así como naqueles outros que, historicamente e desde tempos pretéritos, foron as saídas naturais para el noso comercio;
- Potenciación dos circuítos locais de produción e consumo, así como duha lóxica de comercio xusto, en particular para todos aqueles produtos non susceptibles de seren producidos de xeito sustentable na nosa terra, en contraposición coas actuais lóxicas del consumismo e *marquismo* banais;
- Estabelecer políticas para combater a obsolescencia programada de bens de consumo, visando a dispoñibilidade de produtos duradouros, eficaces, reparables, e ecoloxicamente sustentables;
- Apoiar a economía non monetaria, promovendo, coas vantaxes tecnolóxicas actuais, el exercicio del intercambio e a viabilización de moedas de uso local, bancos de tempo e sistemas de troco;
- Estimular a substitución del parque automobilístico para modelos operados con enerxías de produción propia, articulando uha rede de transporte público de pequena e média distancia que posibilite a articulación territorial eficaz, con especial atención para os camiños de ferro;
- Promover el uso partillado de vehículos privados así como el establecimiento de cooperativas de transporte privado;

- Reduzir a mobilidade obrigatoria dos traballadores, fomentando el emprego local e traballo á distancia.

Para a implementación destas propostas, nel Partido da Terra iniciaremos un debate profundo sobre as tecnoloxías, súas consecuencias sociais e ambientais, ben como os monopólíos forxados en volta del sou controllo. Con efecto, a tecnoloxía, en grande medida produto de necesidades militares e mais tarde transferida á sociedade para el fomento da produción e consumo, ten reducido drasticamente el esforco, custo ou tempo de muitos procesos produtivos, facendo en muchos casos el traballo impracticable na súa ausencia. Sen cair na tecnolatria nen na tecnofobia, a aplicación racional, ética e ecolóxica da tecnoloxía pode ser instrumental para uha necesaria transformación social. Contudo, debemos ser conscientes de que na actualidade el tempo libre das persoas e inversamente proporcional al nivel tecnolóxico das sociedades en que se inserem. Uha das disfuncionalidades tecnolóxicas ven dada non apenas polos propios condicionais del sistema económico, mas por prácticas legislativas como el das patentes que, coaxindo a utilización de ideas, é empregue para criar monopólíos.

Nel Partido da Terra admitimos, nel cuadro económico actual, a existencia de patentes como mecanismos que possibiliten a recuperación de investimentos, mas non para afogar a creación. Por iso, tornase necesaria a limitación da súa duración para garantir uha fluente circulación de ideas e servir así de motor económico. Nel ámbito específico das tecnoloxías computacionais, a violación da neutralidade da rede (obrigando sistematicamente a empregar programas de computador pertencentes a grandes empresas) e a implantación de

patentes de *software* inviabilizaram a creación e desenvolvemento de alternativas libres e gratuitas, consolidando flagrantes monopólios apoiados pola administración.

Frente al chamado *software* privativo, el Partido da Terra é partidario de facilitar el desenvolvemento del *software* libre, que disponibiliza el código publicamente, viabilizando a circulación de ideas, a corrección de erros, a melloría del traballo previo e un modelo de negocio inovador e baseado nuha economía de servicios.

Por iso, entre outras medidas, el Partido da Terra comprometese a:

- Reduzir a duración das patentes industriais de vinte para dez anos;
- Garantir a neutralidade da rede en todas as comunicaciois;
- Garantir un espacio legal sen patentes de *software*;
- Eliminar os entraves á utilización de *software* libre, xeneralizando el sou uso nas instituiciois públicas.



Nel actual cuadro de decomposición del Estado del bem-estar, e mesmo antes, a entrega dos chamados "servicios públicos" ás grandes corporacións privadas temse colocado como única saída posible para a súa manutención. El camiño da privatización parte da falaria xerada coa confusión intencionada entre "público" e "estatal", colocando el Estado como único garante posible del bem-estar. Coa falencia financeira deste, el control de estes servicios e estruturas, establecidos através dos impostos, tá sendo transferido para os mesmos axentes económicos que constituen e garanten boa parte das elites nel poder.

A sociedade actual, baseada nel produtivismo, transforma el ser humano en mais un insumo. A través da acción estatal temse intervindo na organización social para mellor efetivar el fin de maximización de produción, consumo e impostos. El tecido familiar e comunal tradicional foi substituído por uha forma de vida adecuada á produción onde, desde el nacimiento até a morte, el Estado programa as diferentes etapas vitais del individuo. A incorporación da muller al sistema en troques de uha desexable mudanza del sistema, ten aprofundado a transformación social. Nel momento presente as criancas, con a penas semanas de vida, pasan a ser cuidadas fora del seio familiar por persoas asalariadas, de modo que os proxenitores

posan continuar a súa tarefa produtiva. Após a adolescencia e formación, a nova mon-de-obra debe incorporarse al mercado de traballo, cuxa flexibilidade requere da máxima mobilidade xeográfica, hoxe global. Deste xeito, el cuidado de persoas idosas ou dependentes ten deixado de ser uha función familiar ou comunal feita por afeto e apoio recíproco, para pasar a ser mais uha industria realizada tamén mediante traballo asalariado.

A chamada "salú pública", de que se predica el seu carácter de "universal e gratuito" é, na realidade, simplemente estatal, além de non pública (e, portanto, non universal), cara e paga através de impostos procedentes fundamentalmente del rendimento del traballo asalariado. Na súa concepción, a salú estatal ten como fin a reparación de mon-de-obra estropeada, carecendo xá na actualidade de acceso a ela as persoas que estexan há mais de dun ano sen traballo formalizado. Quer executada directamente pelo ente estatal, quer por entidades privadas, tá caracterizada pola ausencia de control por parte dos utilizadores como consecuencia da falta de transparencia na súa xestión. Determinados grupos de presión entre os que destacan os altos funcionarios del ente estatal e os grupos empresariais farmacéuticos substituen en grande medida el que debera ser un

controllo pleno e democrático por parte da comunidade.

Frente a esta concepción, defendemos que a penas poden ser considerados servicios públicos os desenvolvidos e xestionados por e para as comunidades. Isto é, son estritamente públicos os servicios comunitarios. Así, propoese uha transferencia gradual dos servicios de saúde, educación, seguridade, saneamento, reciclaxe e asistencia social para el ámbito de competencias de comarcas e parroquias, debendo ser estas as responsables para a obtención dos recursos necesarios para a súa manutención, consolidación e funcionamento en rede.



A perda da poboación e el avellentamento son tamén problemas de inmensa

transcendencia que tein sido abordados de forma irresponsable, convertendo a nosa terra nuha das rexiois con menores taxas de natalidade da Europa. Nel Partido da Terra queremos que el Eo-Navia retorne al crecemento vexetativo positivo, considerando a natalidade como parte dun modelo social fundamentado na sustentabilidade económica e, por tanto, en valores persoais alternativos al consumo. Nel Partido da Terra defendemos el dereito a non emigrar, e el aceso universal al traballo na terra propia. A emigración, historicamente e nel presente, quer para a cidade próxima, quer para países distantes, atenta gravemente contra el desenvolvemento das comunidades, que se ven forzadas a ofrecer para outros, frecuentemente en condicións pésimas, os seus membros máis novos e emprendedores.

El incremento del poder e presenza del Estado, xigante mecanismo conformador total da sociedade actual, veu acompañado de maior busca de poder e presenza e, por conseguinte, de impostos. Na súa formulación moderna esto conséguese en forma máxima a través del fomento sen pausa del produtivismo, por medio del capitalismo, cuxo sustento último é el ente estatal. Despois de 250 anos de "revolucións liberais" a experiencia histórica mostra el papel que tein desempeñado os exércitos na ascendencia del Estado moderno, instrumentos executores por veces e determinantes da razón de Estado noutras. Cuanto maior é el volume de impostos arrecadados, maior é el poder exercido, maior a influencia e adoutramento patriótica da poboación e maior a presenza nel xogo das nacións, permitindo eventualmente aventuras expansivas e tentacións imperialistas. El Partido da Terra considera imprescindible recuperar e devolver ás persoas a capacidade de dirixiren as súas

vidas en todos os ámbitos. Entre eles, desde un pacifismo internacionalista e maduro, encóntrase el da xestión da seguridade, que non debe ser asumida polo aparato estatal, mais si exercida, se fose preciso, directamente pola comunidade. Neste sentido, máis aló de considerar totalmente sobredimensionado el volume de gasto estatal en seguridade, avogamos por un modelo de defensa colectiva de base civil, non permanente e non profesionalizado (exceptuando os cuadros loxísticos imprescindibles) así como nel recoñecemento das estratexias de intervención non violentas para a resolución de conflitos internacionais. A ausencia de cualquera institución militarizada permanente debe ser acompañada duha declaración internacional de neutralidade.

Aínda, nel Partido da Terra consideramos a liberdade relixiosa como uha máis das imprescindibles que corresponde ás persoas e comunidades sen a interferencia del ente estatal nin de terceiros, facendo parte da propia liberdade de consciencia. Porén, a eliminación de cualquera atranco al sou exercicio e á discriminación por razón de fé, non pode servir para a promoción estatal duha determinada crenca. El aparato estatal debe manter a súa neutralidade a respeito del feito relixioso e das organizaciois confesionais, coel mútuo interese de procurar a independencia. Conforme a este principio, nel Partido da Terra valoramos como necesaria e positiva esta separación plena, a comezar polo aspecto económico.

Así, nel ámbito social el Partido da Terra pretende desenvolver as seguintes actuacións:

- Establecemento duha xestión cooperativa da saúde pública asentada nas

parroquias e nel Concello Comarcal, financiada e xestionada por e a partir das correspondentes comunidades;

- Separación clara entre servicio sanitario estatal e atención privada, incompatibilizando el exercicio privado coel estatuto de funcionario público, que debe ser exercido en rexime de exclusividade;
- Potenciar a saúde preventiva, a atención primaria de proximidade e a medicina tradicional de acordo con criterios científicos;
- Como fórmula paliativa nel modelo actual, garantir el pleno exercicio da maternidade e paternidade, criando incentivos laborais e de apoio social para posibilitar as condicións ótimas para el cuidado e dedicación aos nenos durante os primeiros anos de vida;
- Contabilización del tempo dedicado al cuidado dos cativos nos sous primeiros anos de vida así como das persoas, anciás ou dependentes, como anos traballados a efectos de xubilación;
- Adoptar as medidas recomendadas pola Organización Mundial da Saúde en relación á preferencia polo parto natural en embarazo de baixo risco, así como á da importancia del aleitamento materno, expandindo até un mínimo de dous anos a licencia de amamentación e cuidado na primeira infancia;
- Viabilizar as prácticas tradicionais protocoladas clinicamente para el atendimento durante o embarazo e parto, nomeadamente a posibilidade de partos domiciliarios supervisados por enfermeiros obstetras;
- Resaltar el papel social das persoas anciás promovendo un renovado contrato entre as xeracións que ga-

- ranta el cuidado digno e participación activa na sociedade;
- Viabilizar el fin de vida digno na casa familiar, facilitando a atención e dispensación domiciliaria de cuidados paliativos;
 - Substitución del actual primeiro ciclo de primaria por educación desde a casa apoiada nuha Rede descentralizada de Escolantes, con atención parroquial, e uha plataforma dixital para el apoio del ensino doméstico;
 - Promover, principalmente de fóra das institucións, valores alternativos al consumismo fomentado actualmente, incluíndo a autonomía e el intercambio entre as xeracións de coñecementos, ben como el goce, coñecemento e cuidado da riqueza natural, arqueolóxica, arquitectónica e cultural;
 - Fixar el pleno emprego nel ámbito local como obxectivo nacional das comunidades, volvendo desnecesaria cualquera migración externa ou interna;
 - Promover a declaración internacional da neutralidade, promovendo a súa exclusión dos tratados que a vinculan con acordos internacionais de defensa. Consecuentemente, hase reclamar a exención da carga fiscal proporcional dedicada á manutención del aparato militar estatal;
 - Organizar a defensa, para el caso de agresión externa, a través de milicias civís non permanentes e corpos de intervención non violenta, baxo dependencia das asembleas parroquiais e del Concello Comarcal;
 - Garantir a liberdade relixiosa de persoas e comunidades eliminando a intervención estatal sobre as organizacións confesionais, através da súa separación plena e independencia económica.




A mercantilización e *subsidiarización* da cultura, en primeiro lugar, ten servido para a constitución duha separación artificial entre criadores ou “produtores” de cultura e “consumidores” de cultura. En cuanto a cultura popular, por definición, sempre foi uha manifestación participativa e compartada, vivida en comunidade, hoi a “cultura” é máis un produto industrial, destinado a ser consumido por persoas que non participaron na súa creación. A súa mercantilización significou uha importante ferramenta para a homoxeneización cultural e intelectual, un “circo” mediático e cultural destinado a limitar a liberdade de consciencia retransmitindo e repetindo os valores definidos polos criadores de (non)opinión e a intelectualidade orgánica.

A cultura da “modernidá” xera individuos pasivos, incapaces, espectadores, receptores, destinatarios das cousas criadas para os entreter e os *aculturar*, para os fer participantes duha (in)cultura global, urbana, consumista, superficial e que, nel noso caso concreto, ten sido un elemento instrumental para a ridicularización, banalización e liquidación del acervo cultural, identitario e lingüístico de noso.

A produción e el acceso al coñecemento tein sido monopolizados polo ensino “público” estatal, del infantilario até a Universidade que, establecendo as verdades oficiais, se ten tornado un importante me-

canismo para a lexitimación política, social e económica. El coñecemento “verdadero” producido nas universidades serviu eficazmente aos axentes del Estado e das grandes corporacións para determinar as nefastas políticas económicas, enerxéticas, hidráulicas, forestais, industriais e culturais. A mercantilización del coñecemento nel sistema educativo “público” é a antítese da xestión propia del coñecemento pela comunidade, verdadeira aposta en serio nuha sociedade democrática.



A destrución dos espazos naturais e paisaxísticos, el desleixo na conservación e expolio del patrimonio arqueolóxico, artístico, arquivístico e monumental, a especulación e descuido urbanístico e el abandono das artes asociadas á construción tradicional tñm sido de vello uha praga funesta na nosa sociedade, con fundas cicatrizes na consciencia colectiva. A consecuencia directa é a ausencia de comprensión e interpretación da territorialidade e da súa especificidade organizativa.

É preciso poer en destaque tamén a apropiación por parte del Estado, previa á súa cesión a empresas e medios afíns, del que é un patrimonio comunal, público e portanto de todas e todos: el espectro público radioeléctrico. A emison radiofónica e televisiva ten contribuído notavelmente para a aculturación das persoas e para a conformación da opinión dominante e, portanto, da defensa dos intereses da elite gobernante.

Cabe apontar aínda el modo en que, nos casos das chamadas industrias culturais, os Estados tñm lexislado en base aos intereses de grandes corporacións, indo mesmo en contra del interese xeral. Nesta dinámica encuádrase el desproporcionado alargamento da protección dos dereitos de autor, concebidos na teoría pola necesidade de protexer os intereses dos creadores a respecto da xeración de riqueza coa súa obra. Non obstante, el alargamento del período de vixencia destes dereitos responde apenas a intereses de grandes corporacións, non de creadores individuais nin del povo. Al pretender a súa eternización evitando a súa entrada nel dominio público, para el uso e disfrute libre por parte de toda a sociedade, a propia lexislación atenta contra el espírito del traballo creativo. Nel Partido da Terra somos partidarios dos modelos de e-

xercicio dos dereitos de autor que relaxam as restricións en base á vontade del creador. Así, este pode renunciar voluntariamente a exercer dereitos concretos en beneficio da sociedade para facilitar a partilla, a realización de obras derivadas ou mesmo el uso comercial da súa obra, porén nunca á autoría en sí.

Debemos estar cientes de que el conxunto de solucións necesarias para alcanzar a soberanía cultural, paralelamente al que acontece en outros ámbitos, pasa fundamentalmente por as persoas asumirmos a nosa responsabilidade como suxeitos ativos na conservación e creación cultural e non por cedermos infantilmente este deber persoal al Estado. Con este apelo previo á responsabilidade cívica, en cautela de tentacións de procurar aínda mais presenza del axente estatal, responsable en boa medida pola situación actual.

Nel plano da soberanía cultural, el Partido da Terra comprométese a:

- Eliminar as barreiras existentes e contribuir, principalmente a partir da sociedade embora tamén a partir dos poderes públicos, para a constitución de cooperativas de ensino autoxestionadas abranxentes de todos os niveis educativos, desde a educación primaria até a Universidade;
- Priorizar a inventariación, a conservación e recuperación del patrimonio material e inmaterial como fenómeno vivo, con énfase na transmisión entre as xeracións de coñecementos, ligando os nosos ancios coel ámbito educativo;
- Facilitar a recuperación dos métodos e estilos de construción tradicionais e promover a erradicación del feísmo, tornando prioritaria a

- rehabilitación cara ás construcións de nova planta;
- Promover a reocupación del ámbito rural e a recuperación da vida cultural nas parroquias e comarcas;
 - Poer en valor os vínculos históricos e culturais coel ámbito galaico, atlántico e lusófono;
 - Efectivar as leis vigorantes e implementar as necesarias que impidan a destrución del patrimonio cultural e histórico herdado así como a destrución paisaxística;
 - Devolver ás parroquias e comarcas a decisión sobre a xestión, nel todo,
- del sou dominio público radioeléctrico;
- Despenalizar el libre exercicio del dereito de copia privada, nomeadamente a chamada *taxa dixital*;
 - Promover e facilitar el uso de licencias como *Creative Commons* para contenidos artísticos;
 - Adiantar a pasaxe a dominio público das obras protexidas por dereitos de autor, equiparando a duración da protección á das patentes industriais.




EL modelo de sociedade fundamentado na omnipresencia del Estado como único actor leva a identificar a identidade colectiva coa persoal e a cultura nacional cos dereitos legais. Coa instauración da autonomía, el feito lingüístico diferencial del Eo-Navia volveuse motivo de exclusión, discriminación e ataques de todo tipo, al representar, supostamente, un risco para a asturianidade.

Tomando como punto de partida un falso consenso político e el rechazo frontal al debate social, a situación dos falantes da lingua del Eo-Navia dexenerou até ver desamparados os sous mais elementais dereitos lingüísticos na vida cotidiana, dereitos amparados pola lexislación internacional vixente. El actual modelo de política lingüística nel Principado de Asturias non solo non elevou a consideración social da lingua asturiana senón, de forma histórica, nel caso das falas galego-asturianas del Eo-Navia, mesmo xerou un crecente resentimento contra as entidades e persoas que traballan pola súa conservación e recuperación. Estes ataques proceden non solo dos defensores del monolingüismo español, senón tamén dalgúns sectores comprometidos coa lingua asturiana que reproducen contra a lingua del Eo-Navia el mesmo padrón del maltratador maltratado. Como resultado, táse camiñando para el colapso e total extinción da riqueza lingüística da comarca.

De feito, a única política lingüística en funcionamento nel Eo-Navia e nel resto del Principado, é a del castelao, que introducido fai máis de cinco séculos e cuxa imposición se fixo efectiva por un aparato estatal cada vez máis desenvolvido, avanza hoi al mellor ritmo da súa historia debido, precisamente, a que a presencia del Estado é cuase omnimoda e, po rtanto, tamén os sous instrumentos. Por desgracia, os reducidos esforzos del gobierno asturiano, que pretendidamente protexen a nosa lingua e promoven a súa utilización consiste, nel mellor dos casos, nuha colaboración involuntaria á política de uniformidade e asimilación cultural e lingüística; nel día a día, na lexitimación da substitución lingüística e da perda de utilidade da lingua debida á procurada separación del resto del espacio da lingua común: el conxunto de países de fala galego-portuguesa, incluída a vecía Comunidade Autónoma da Galiza; e, nel pior dos casos, a un conxunto de beneficiarios agradecidos dos gastos públicos, conscientes participantes da política de propaganda del Principado destinada a fer pensar que tá a traballar para "conservar a lingua" del Eo-Navia. A realidade presente é que el Estado mantén en vigor e a cada vez un maior número de normas xurídicas que obrigan al coñecemento e utilización del castelao nas máis diversas actividades sociais, a comezar polo deber

de coñecemento del castelao fixado constitucionalmente con independencia da lingua propia existente en cada territorio; un modelo supremacista antitético al de convivencia e respecto mútuo de que se dota a Confederación Helvética, para citar un exemplo.



Frente a esta realidade, a proposta del Partido da Terra parte del recoñecemento pleno del galego del Eo-Navia como tal: lingua extensa e útil, lingua aberta al mundo e a uha vasta riqueza xeográfica e histórica. Por eso, a nosa preferencia polo Acordo Ortográfico da lingua portuguesa, que nos insire nel espacio lingüístico que nos é natural, reconecendo que a lingua que se conoce internacionalmente como português, como todos os idiomas extensos, ten múltiples varian-

tes, uha das cuais é a forma propia del Eo-Navia. A lingua orixinaria del noroeste peninsular, cuidada durante séculos nel sén del mundo tradicional eonaviego, tá chamada a recuperar el sou papel en todos os ámbitos e especialmente nel de lingua internacional, fundamento, até el de agora negado, da súa sustentabilidade e plena restauración social.

Tendo en conta el potencial internacional da nosa lingua, da pertenencia al espacio atlántico e europeu, dos vínculos históricos e migratórios coa hispanofonía, a nosa historia, cultura e habilidades lingüísticas tórnanos un polo privilexiado para a consolidación e creación de novas relacións económicas. Tanto a nosa lingua propia como aquelas ás que tamos ligados por vínculos históricos e culturais (nomeadamente el castelao) son pontes firmes para a consolidación del potencial internacional del Eo-Navia.

Nel camín para el recoñecemento del valor del idioma, da defensa dos dereitos dos falantes e da creación de consenso social e político, desde el Partido da Terra propoemos as seguintes medidas que promovan a nosa soberanía lingüística:

- Oficialización plena del galego de Asturias nel Eo-Navia e del asturiano nel resto del Principado así como naquelas parroquias e concellos del Eo-Navia unde for patrimonial;
- Dar cabo das barreiras existentes para un relacionamento normal e, por tanto, pleno, del Eo-Navia coel resto da Lusofonía, a comezar pola posibilidade de recepción das televisiois e radios galegas e lusófonas e da disponibilidad de libros, revistas, xornais, materiais audiovisuais e de consulta dos países cos cuais par-

- tillamos a nosa fala en todas as bibliotecas públicas e escolares;
- Eliminación de barreiras al uso del Acordo Ortográfico ou doutras normas, especialmente cualquera pretendida oficialidade ou determinación de criterio de autoridade para opcións ortográficas;
 - Ratificación institucional del Acordo Ortográfico e introdución da variedade internacional e outras manifestacións orais da nosa lingua (galega, portuguesa, brasileira e africana) como contenido nas aulas de lingua galego-asturiana en todos os niveis de ensino, así como facilitar formación xeral e específica á población xeral, con énfase na administración pública e nel mundo empresarial;
 - Adopción da nosa fala como lingua del modelo educativo actual en primaria e secundaria, aplicando el dereito internacional á inmersión lingüística na nosa lingua como base legislativa á hora de contemplar a presenza doutras linguas nel ensino;
 - Facilitar a participación del Eo-Navia nos espacios institucionais galegos e lusófonos, especialmente nos implicados coel relacionamento lingüístico, cultural e económico;
 - Implementar a normativa que garanta os dereitos lingüísticos dos cidadanos nel sou relacionamento cos poderes públicos, permitindo que cualquera funcionario público (ou persoal laboral ou de empresas que executen servicios públicos) que preste servicio nel territorio del Eo-Navia presente un dominio pleno da lingua da comarca que lle permita desenvolver a totalidade das súas funcións e tarefas nesta lingua, con independencia da súa pertenencia a cualquera administración;
 - Xeneralización del uso de *software* libre en lingua portuguesa nas institucións públicas da comarca como alternativa para o aforro de recursos económicos e a familiarización dos usuarios coa variedade internacional da lingua;
 - Derrogación de cualquera disposición xurídica que imponha a utilización (deber de uso obrigatorio) del castelao nel Principado de Asturias;
 - Establecemento de espacios específicos na nosa lingua na Radio e Televisión Públicas del Principado a través de desconexións de carácter comarcal, aplicando criterios rigorosos na súa posta en práctica, e fomento da presenza das variantes internacionais da lingua;
 - Suprimir a dobraxe en todas as transmisións audiovisuais, introduciendo lexendaxe obligatoria en galego, asturiano e castelao para toda a programación noutras linguas.

